



# CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000186

## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** APROBACION LISTA ADMITIDAS-EXCLUIDAS PROCESO SELECTIVO SOCORRISTAS CAMPAÑA ESTIVAL 2022, NOMEAMENTO TRIBUNAL E DATA VALORACION

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000186

### ANTECEDENTES:

DON MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 41.14 do Regulamento orgánico e de funcionamento, e 24.d) do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril.

Por decreto desta Alcaldía, de data 10.05.2022, aprobáronse as bases e convocouse proceso selectivo para a contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción de dous/dúas socorristas para cubrir o servizo de vixilancia e salvamento nas piscinas municipais durante o período estival, ao abeiro do Programa de socorrismo dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2022 da Deputación Provincial da Coruña. A dita convocatoria publicáronse no BOP núm. 89, do 11 de maio de 2022, e as bases e a dita convocatoria na páxina web do concello e no taboleiro de edictos do concello.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade co establecido na base sexta da convocatoria.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a relación provisional de aspirantes admitidas e excluídas, que se eleva a definitiva por non haber aspirantes excluídos/as:

a) Persoas admitidas:

DNI	APELIDOS E NOME	CELGA
**9576***	PÉREZ LÓPEZ PAULA	Si
***2427**	SEOANE BARREIRO MARÍA AMALIA	Si

b) Persoas excluídas: - .



## CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G003/000186

SEGUNDO.- Nomear ás persoas que se indican de seguido como membros do tribunal cualificador do proceso selectivo:

Presidente: Don César Buján Barral, técnico deportivo do Concello de Boimorto, ou persoa que o substitúa.

Vogais:

1. Don José Luis Otero Sánchez, técnico deportivo do Concello de Arzúa, ou persoa que a substitúa.
2. Dona Inés Sánchez del Río, funcionaria do Concello de Mesía, ou persoa que a substitúa.
3. Dona Ana M<sup>a</sup> Vallo Camba, aedl do Concello de Boimorto, ou persoa que a substitúa.

Secretario, con voz e sen voto: Don Eladio Bendaña Pardo, secretario-interventor do Concello de Mesía, ou persoa que o substitúa.

TERCEIRO: Convocar aos membros do tribunal cualificador para a avaliación da documentación presentada polas aspirantes que terá lugar o mércores 1 de xuño de 2022 ás 11:00 horas na Casa Consistorial sita en Xanceda.

CUARTO.- Publicar a presente resolución na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios municipal.

En Mesía, venres 27 de maio de 2022

O Alcalde /Presidente

Mariano Iglesias Castro